



MOCIÓN SOLICITANDO UNHA OFICINA DO SEPE EN NARÓN

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos de Ferrol e Narón forman unha das áreas urbanas máis densamente poboadas de Galiza. A súa proximidade e a interconexión dos servizos fan que a cidadanía de ambos os concellos, así como a dos municipios limítrofes, dependa a miúdo das infraestruturas e prestacións mutuas.

Narón, con máis de 39.000 habitantes, é a octava poboación do país. A pesar desta relevancia demográfica, carece dunha oficina propia do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE). Esta ausencia obriga a todos os seus residentes a desprazarse á cidade veciña de Ferrol para realizar calquera xestión relacionada co emprego, as prestacións por desemprego ou a formación.

Recentemente, a situación viuse agravada polo anuncio de peche nunha das dúas oficinas do SEPE de Ferrol, concretamente a de Esteiro e que todo parece indicar que serán redirixidas á totalidade das xestións a unha oficina situada no edificio de Correos de Ferrol, en concreto no primeiro andar, e que precisará obras para que sexa útil. Esta concentración de servizos nun único punto xerará unha saturación evidente, provocando longas esperas, dificultade para conseguir citas e unha notable incomodidade para a cidadanía. As instalacións actuais, tal e como informa o propio persoal traballador, non dispoñen do espazo suficiente para atender a toda a demanda de maneira cómoda e, desprazar o problema a un novo lugar que precisa obras previas, non é a solución. Primeiro, suporía un gasto engadido; segundo, centralizas nunha zona moi concreta de Ferrol as oficinas do SEPE para toda a comarca e isto equivale a problemas de mobilidade a quen se teña que desprazar e, tamén, de sostibilidade para unha cidade onde as disposicións de aparcamento escasean.

Mais isto non é novo: as autoridades prevían que había que aumentar espazo tanto para as oficinas do SEPE (Servicio Público de Empleo Estatal) coma os Servizos Públicos de Emprego das Comunidades Autónomas que en calquera lugar comparten oficinas para calquera xestión relacionada co desemprego. É máis, podemos tirar de hemeroteca para comprobar coma no 2022 no concello de Ferrol anunciouse unha inversión para unhas novas oficinas do SEPE que quedaron en nada e, en maio de 2025, a Xunta presentou

unha inversión de 1,5 millóns de euros para transformar “Galerías Ferrol” en oficina do SEPE que tampouco se materializan aínda este ano.

Ante este panorama, cremos que é o momento de tomar unha decisión estratéxica e beneficiosa para as naronesas e naroneses mais tamén para toda a comarca: o Concello de Narón dispón de **inmobles de titularidade municipal non utilizados**, como é o caso do **antigo centro de saúde**, situado no corazón do municipio. Este edificio, pola súa céntrica localización, accesibilidade e tamaño, reúne as condicións óptimas para albergar unha oficina do SEPE e para o Servizo Público de Emprego da Xunta de Galiza .

A apertura dunha oficina do SEPE en Narón non só solucionaríase o problema de saturación que padece a cidade de Ferrol, senón que tamén melloraría de maneira significativa a **calidade de vida** da cidadanía naronesa, que xa non tería que desprazarse. Ademais, beneficiaría aos residentes doutros concellos próximos, como Neda, San Sadurniño ou Valdoviño, que terían unha alternativa máis accesíbel e próxima aos seus habitantes que a actual.

Por todo o exposto, propomos os seguintes ACORDOS:

1. **Instar ao goberno municipal de Narón** a que inicie conversas co Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE) para explorar a viabilidade da apertura dunha oficina na cidade.
2. **Ofrecer ao SEPE** a cesión dun espazo municipal axeitado, como é o caso do antigo centro de saúde, nunha das súas prantas: preferentemente a que dá acceso directo á rúa 25 de xullo ou a entrada principal situada na Praza de Galiza para a instalación da mencionada oficina.
3. **Comprometerse a colaborar** coas administracións competentes para axilizar todos os trámites necesarios e facer realidade este servizo, que consideramos fundamental para o desenvolvemento e benestar das naronesas e naroneses e da comarca.

Asdo: Olaia Ledo Díaz

(Portavoz municipal do BNG de Narón)